

Henrique Rabuñal

# Murguía

Un século despois

EDICIÓNS  
*laiovento*  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO**





## Limiar

Este 2023 fanse cen anos do pasamento de Manuel Mur-guía. A súa figura, pequena de corpo e moi grande de signifi-cado, para maxestosa sobre a nosa historia cultural e política desde os anos 50 do século XIX até os 20 do XX.

Aínda que existen zonas de sombra na súa biografía, pro-curamos neste libro ofrecer unha panorámica dos seus días e das súas obras. Compartiu con Rosalía de Castro tres décadas intensas, unha familia, moitos proxectos e á memoria e gran-deza dela dedicou, cos seus erros e acertos, unha morea de esforzos.

Home de inmensa cultura, lector infatigábel, enérxico polemista, auténtica enciclopedia galega, combinou a militan-cia galeguista e progresista para ser un dos grandes xornalis-tas e escritores da súa hora, o historiador da nación galega por excelencia, un conflitivo funcionario de arquivos e bibliote-cas, a cabeza visíbel do rexionalismo e o primeiro presidente e dinamizador da Academia Galega.

Viviou etapas de estreiteces económicas que superou coa axuda da emigración galega en Cuba, das deputacións galegas e sempre sustentado nunha extensa rede de amigos e colabo-radores, algúns con moito poder e influencia.

Ademais de centos de artigos nas publicacións máis signifi-cativas do seu tempo, galegas, españolas e americanas, dunha montaña de cartas, de varios prólogos, escribiu un conxunto de libros que superan as 7000 páxinas. Entre eles os cinco tomos da *Historia de Galicia* complementados co monumental *Galicia*, o estudo sobre *El foro*, o *Diccionario de Escritores*, *El regionalismo gallego*, *El arte en Santiago durante el siglo XVIII*, *Diego Gelmírez* ou *Los trovadores gallegos*. Da súa obra de creación, xunto coa novelística dos anos xuvenís, merece destacarse *En prosa*. Non podemos esquecer a singu-laridade do seu libriño para as escolas *La primera luz* nin *Los Precursores*, memoria da súa vida e do seu tempo.

A vida de Murguía nunca foi fácil. Orfo de nai con 11 anos, enfrontado ao seu pai, padeceu a ferida que lle supuxo primeiro a morte do seu irmán Nicolás, con tan só 25 anos, logo a da propia Rosalía e aínda a de tres dos seus fillos, Ovidio, Amara e Adriano. En moitos momentos da súa vida foi obxecto de ataques, a el ou á súa obra e ideario.

A todo isto podemos sumar problemas económicos, múltiples cambios de enderezo, obrigadas separacións da súa familia e moitas viaxes, primeiro en dilixencia, entre Madrid e Galiza que naqueles anos eran auténticas odiseas.

Cen anos despois, a súa biografía intelectual non perdeu interese para sabermos máis de nós mesmos, para calibrar a valía das súas achegas e dos seus devezos, sempre encamiñados no servizo a Galiza e na defensa dos seus intereses, dignidade e soberanía.

Non podemos rematar estas liñas sen render unha homenaxe especial ao profesor Barreiro Fernández, autor, entre outros valiosos traballos, dunha biografía de Murguía de 1000 páxinas. É un exemplo magnánimo de entrega, de rigor, de cultura e de galeguismo. Agardo que o benquerido profesor ampare o uso da súa espléndida obra para corrixir erros ou perspectivas que poden figurar noutros libros e escritos nosos dedicados a Murguía. E eventualmente tamén neste.

A Coruña, 2 de febreiro de 2023

## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| Limiar .....  | 9  |
| 1833-1851. Arteixo, A Coruña, Compostela .....                          | 11 |
| 1851-1858. Madrid, literatura e amor .....                              | 16 |
| Murguía poeta .....   | 21 |
| 1858-1860. Alejandra e <i>La primera luz</i> .....                      | 25 |
| 1860-1862. Xornalista en Madrid. <i>La crónica</i> de Nova Iorque ..... | 28 |
| 1862-1868. <i>O Diccionario</i> e a <i>Historia de Galicia</i> .....    | 30 |
| <i>Diccionario de escritores gallegos</i> .....                         | 30 |
| <i>Historia de Galicia</i> .....  | 33 |
| 1868-1875. Funcionario en Simancas e na Coruña .....                    | 38 |
| 1875-1878. Volta a Compostela .....                                     | 41 |
| 1878-1881. Madrid. <i>La Ilustración Gallega y Asturiana</i> .....      | 43 |
| 1883-1885. Na casa da Matanza .....                                     | 54 |
| <i>El foro</i> .....  | 59 |
| <i>El arte en Santiago durante el siglo XVIII</i> .....                 | 60 |
| <i>Los Precusores</i> .....   | 61 |
| 1886-1894. O líder do Rexionalismo .....                                | 70 |
| <i>Historia de Galicia</i> , volume III .....                           | 71 |
| <i>Galicia</i> .....  | 72 |
| A polémica con Sánchez Moguel (1889) .....                              | 74 |
| O discurso na Lliga (1890) .....  | 76 |
| A Asociación Rexionalista Galega (1890-1894) .....                      | 78 |

|   |     |
|---|-----|
| O discurso de Tui (1891).....                               | 80  |
| <i>Historia de Galicia</i> , volume IV.....                 | 82  |
| 1894-1905. Na Arquivo de Facenda da Coruña .....            | 84  |
| <i>En prosa</i> .....                                       | 85  |
| Polémica con Juan Valera (1896) .....                       | 87  |
| Polémica con Pardo Bazán.....                               | 88  |
| <i>Don Diego Gelmírez</i> .....                             | 89  |
| <i>Los trovadores gallegos</i> .....                        | 93  |
| 1906-1923. Presidente da Academia Galega.....               | 97  |
| <i>Historia de Galicia</i> , V.....                         | 106 |
| O pasamento do Patriarca. As homenaxes de 1933 .....        | 113 |
| A familia de Murguía.....                                   | 117 |
| A reivindicación de Murguía. O Día das Letras Galegas ..... | 121 |
| Bibliografía .....  | 125 |
| Obras de Murguía (selección) .....                          | 126 |
| Bibliografía sobre Manuel Murguía (selección).....          | 129 |